

Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 357, do 16.11.1995.

Emendas, BOPG núm. 388, do 4.1.1996.

Debate de totalidade, DSPG núm. 87, do 13.2.1996.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 461, do 10.5.1996.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 480, do 5.6.1996. Corrección de erros: BOPG núm. 483, do 8.6.1996.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 480, do 5.6.1996.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 104, do 18.6.1996.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 491, do 24.6.1996.

Diario Oficial de Galicia núm. 141, do 18.7.1996.

Boletín Oficial del Estado núm. 203, do 22.8.1996.

Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servicios de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia

Pola lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, foi derogado o título segundo.

Os servicios de transporte público de viaxeiros serven para comunica-los distintos centros de residencia, traballo e ocio dos cidadáns. Son servicios non referibles en exclusiva a un determinado punto territorial, senón a unha pluralidade destes. É lóxico, entón, que sobre o transporte de viaxeiros concorran as competencias das distintas administracións públicas de base territorial, o que ocorre, desde logo, en Galicia en relación cos transportes públicos de viaxeiros por estrada.

Por un lado, o artigo 27.8 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle a esta Comunidade Autónoma competencias exclusivas sobre o transporte de viaxeiros por estrada do que o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade. Pero, por outro lado, a Lei estatal 7/1985, reguladora das bases de réxime local, asegúralles ós concellos, como contido da autonomía local, un mínimo de competencias sobre os servicios de transporte público de viaxeiros. Resulta así que sobre o territorio de cada concello concorren competencias da Xunta de Galicia e de cada Concello, sendo

as primeiras exercidas de acordo co principio de interese público, sempre prevalente (artigos 38 e 128.1 da CE), que motiva, por unha banda, a utilización racional e adecuada dos recursos dispoñibles, para obte-lo máximo rendemento deles —principio xeral expresado no artigo 4.2 da LOTT—, e, por outra, que se teñan en conta as solucións necesarias e convenientes para unha mellor prestación do servicio, polo que as modificacións de concesións preexistentes deben ser previstas como alternativa prevalente ó establecemento dun novo servicio, neste caso urbano, xa que o interese público xeral así o demanda, por constituí-la solución máis axeitada para lograr unha maior satisfacción do interese público, que pasa sempre por adopta-la solución máis conveniente ás necesidades reais, obxectivas e xerais da comunidade.

Ó Parlamento de Galicia correspóndelle delimitar, de acordo co artigo 25.2 e 3 da Lei estatal 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, as competencias sobre servicios municipais de transporte público de viaxeiros. Neste punto, a presente lei asume

implicitamente o principio xeral contido na Lei estatal 16/1987, de ordenación dos transportes terrestres: principio de competencia local en canto á xestión e ordenación dos servicios urbanos, entendéndose por tales os que discorran integramente por solo urbano ou urbanizable, ou os que estean dedicados de forma exclusiva a comunicar entre si núcleos urbanos distintos dentro dun mesmo termo municipal.

Ó Parlamento de Galicia correspóndelle tamén, de conformidade co artigo 59.1 e 2 da Lei estatal 7/1985, establece-los instrumentos de coordinación das amplas competencias locais coas competencias da Xunta sobre servicios de transporte interurbano. Son precisamente estas técnicas de coordinación o obxecto central da presente lei. Con esta dáselles solución cabal ás, cada vez máis frecuentes, interferencias e coincidencias entre os servicios públicos de transporte interurbano, que necesariamente penetran nos núcleos urbanos en continua expansión, e os servicios de transporte urbano, que crecen ó ritmo da urbanización das cidades.

O sistema de coordinación dos servicios de transporte que establece a lei é unha concreción ponderada de distintos principios, dereitos e competencias constitucionais. En primeiro lugar, harmoniza as competencias estatutarias da Comunidade de Galicia cunha ampla concepción da auto-

nomía municipal. En segundo lugar, a lei desenvolve o principio de eficacia da Administración pública (artigo 103 da Constitución), ó servicio, neste caso, da promoción obxectiva dun dereito fundamental, como é o recollido no artigo 19 da Constitución: libre circulación por todo o territorio nacional. E, en terceiro lugar, respecta os dereitos de contido patrimonial dos concesionarios de servicios de transporte e os dereitos lexítimos dos titulares de autorizacións ou licencias para a prestación de servicios discrecionais.

No marco constitucional exposto son varios os posibles instrumentos de harmonización de competencias previstos no artigo 114.2 da Lei estatal 16/1987. Descartáronse as formas de colaboración meramente convencionais, polas probadas dificultades para a esixibilidade do seu cumprimento. E tamén se rexeitaron as formas de colaboración que, como os consorcios ou as entidades metropolitanas, supoñen un aumento de burocracia dificilmente xustificable desde o criterio da eficacia. Preferiuse, seguindo o disposto no artigo 114.2, segundo parágrafo, da Lei estatal 16/1987, a coordinación a través dun único procedemento administrativo dentro do cal exercen as súas competencias, mediante proposta, informe ou resolución, tanto a Xunta coma os distintos concellos, dándolles cabida neste procedemento, tamén, a órganos estatais con compe-

tencias concurrentes sobre a mesma materia.

Á hora de determina-los instrumentos e o alcance da coordinación pártese dunha distinción elemental entre concellos de máis ou de menos de 50.000 habitantes; os primeiros están obrigados, de acordo co artigo 26.1.d) da Lei estatal 7/1985, a prestar servicios públicos de transporte colectivo urbano, obriga esta que non existe para os concellos de menos de 50.000 habitantes. Alí onde hai obriga legal de prestación de servicios de transporte público reconécese tamén un maior grao de autonomía local, o que determinará, consecuentemente, que as facultades de coordinación da Xunta sexan máis limitadas. Máis extenso será o poder de coordinación, en cambio, nos supostos nos que a lei non impuxo directamente a obriga de prestación de servicios de transporte.

As técnicas de coordinación establecidas na lei pónense en marcha cando un Concello ou a Xunta acordan a iniciación dun expediente de novo establecemento ou ampliación de servicios de transporte público de viaxeiros, sexan urbanos ou interurbanos. Cando a ampliación ou o novo establecemento de servicios os inicia un concello de menos de 50.000 habitantes concédeselle á Xunta a posibilidade de suspender, durante un prazo máximo de seis meses, a tramitación do dito expediente e iniciar un propio, no que se acorde

asumi-las necesidades de servicios urbanos mediante unha ampliación dos percorridos ou expedicións dos interurbanos. Respéctase a autonomía local, en todo caso, atribuíndolle ó Concello competencia para emitir informe vinculante sobre o itinerario en núcleo urbano e as paradas urbanas do servicio interurbano ampliado.

O novo establecemento ou a ampliación de servicios colectivos urbanos, no caso de concellos de máis de 50.000 habitantes, condiciónanse á previa elaboración e aprobación dun plan de explotación de servicios de transporte público. E é precisamente na elaboración deste plan de explotación onde se coordinan as competencias da Xunta e de cada Concello. A través de dúas fases elementais: ó Concello correspóndelle a redacción do plan de explotación, abarcando non só os servicios urbanos, senón tamén os interurbanos no ámbito de influencia do Concello; na redacción do plan de explotación o Concello deberá respectar, ademais das distintas normas locais, os plans de transportes, infraestructuras ou urbanísticos, así como as normas estatais e autonómicas sobre protección do medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio histórico-artístico. Nunha segunda fase correspóndelle á Xunta a aprobación definitiva do plan de explotación elaborado polo Concello.

Aprobación esta que, para ser compatible coa autonomía local,

só pode denegarse por causas taxadas: defectos na tramitación do plan de explotación, incompatibilidade do plan coas normas locais, autonómicas ou estatais mencionadas máis arriba, vulneración do equilibrio financeiro das concesións ou sacrificio desproporcionado do interese económico dos titulares de autorizacións de transporte regular de uso especial. Unha vez aprobado o plan de explotación correspóndelle a cada Administración adoptar as resolucións necesarias, entre as que se inclúen as concesións de transporte regular e as autorizacións de transporte discrecional, para o fiel cumprimento do plan.

Nos procedementos administrativos de coordinación a que se fai referencia, a lei inclúe modernas técnicas de administración que pretenden optimizalo mandato de Administración eficaz do artigo 103.1 da Constitución. Por un lado, a lei inclúe a técnica —inusitada no noso dereito— da «eficacia concentrada» do plan de explotación. Trátase de dota-lo plan de explotación de eficacia non só normativa ou ordenadora, senón tamén de eficacia executiva directa: o acto de aprobación definitiva do plan contén en si o efecto directo novador ou modificador das concesións nel coordinadas, así como as autorizacións e licencias, da Xunta e do Concello, necesarias para a execución das obras de infraestrutura aprobadas con suficiente grao de detalle no plan.

En segundo lugar, na lei inclúense, no marco do artigo 88 da Lei estatal 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, convenios entre concesionarios e concellos ou Xunta que predeterminan o contido da resolución da Xunta sobre ampliación de servizos ou a resolución aprobatoria dun plan de explotación.

A lei tamén establece mecanismos de coordinación cando sexa a Xunta a que pretenda a ampliación ou o novo establecemento de servizos de transporte, así como cando se pretenda a mellora do tramo de penetración urbana dun servizo interurbano xa existente. Nestes casos, o itinerario e as paradas no solo urbano ou urbanizable determinaranse necesariamente elixindo entre tres propostas alternativas elaboradas polo Concello.

No título II da lei regúlanse algúns problemas peculiares dos servizos de transporte público discrecional interurbano en autotaxi. Trátase de situacións nas que o réxime eminentemente local do transporte en autotaxi necesita ser modulado, co fin de evitar disfuncións na prestación de servizos interurbanos. Tal é o caso, en primeiro lugar, dos focos de xeración de transporte, tales como aeroportos, hospitais ou estacións, onde a oferta local de autotaxis é insuficiente para a cobertura dos servizos interurbanos. Neste caso a lei permite que

o órgano competente da Administración autonómica conceda autorizacións serie V.T., sen a correlativa licencia municipal, despois do correspondente expediente administrativo iniciado para o efecto. En segundo lugar, excepcionalmente, a lei permite que autotaxis dos que se outorgou a súa licencia na localidade do destino final do pasaxeiro acudan a concello distinto, sempre con carácter restrictivo e cumprindo escrupulosamente unha serie de requisitos establecidos neste texto normativo; a contratación de tales servicios ten que ser, en todo caso, anterior á súa prestación e debe ter lugar na localidade de destino final do pasaxeiro. Permítese que a contratación se realice a través de mandatario verbal do pasaxeiro, se ben o dito mandato debe ser confirmado no momento do inicio do servicio. O contrato de transporte, incluído o formalizado por mandatario verbal, ten que constar necesariamente nun formulario oficial a disposición da Inspección de Transportes en calquera momento durante a prestación do servicio.

Un terceiro problema, relacionado co transporte en autotaxi, é o que se presenta cando, delimitada unha área territorial de prestación conxunta segundo o disposto no artigo 116.2 da Lei 16/1987, os autotaxis que nela actúen se rexen por diferentes tarifas, aprobadas por cada Concello. En tales casos a diferenciación tarifaria é pura-

mente artificial e por iso a lei obriga á súa unificación no seo de cada área territorial.

A cuarta cuestión relativa ó transporte en autotaxis que aborda a lei refírese á prestación de servicios nocturnos. En concellos pequenos conséntase a escaseza de autotaxis para servicios interurbanos nocturnos na área, con grave prexuízo e risco para os usuarios. É criterio da lei que a suficiencia dos servicios nocturnos proveña da organización dos servicios por cada Concello. Só no caso de que un Concello desatenda os requirimentos da Xunta, concederáselle a esta a facultade de outorgarlle autorizacións de transporte interurbano a autotaxis dos que a súa licencia non foi outorgada polo Concello onde se inicia o transporte.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de coordinación dos servicios de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia.

Título preliminar

Artigo 1. Obxecto da lei.

1. É obxecto da presente lei a coordinación dos servicios de transporte público urbano de viaxeiros cos servicios de transporte

interurbanos, nos supostos en que o establecemento ou a ampliación dos primeiros afectan os servizos interurbanos previamente establecidos, sempre que se presten integramente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Compréndense no ámbito de aplicación da lei tanto os servizos permanentes coma os temporais e tanto os de uso xeral coma especial.

2. A coordinación a que se refire esta lei estenderase tamén ós servizos dos que o Estado lle delegue a súa ordenación ou xestión, total ou parcial, á Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Así mesmo é obxecto da presente lei a regulación de situacións peculiares na prestación dos servizos de transporte público discrecional interurbano en autotaxi, nos cales o réxime eminentemente local do transporte necesita ser modulado, co fin de evitar disfuncións na prestación do devandito transporte mediante autotaxi.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos desta lei entenderase por:

a) Transporte público: aquel que se leva a cabo por conta allea mediante retribución económica.

b) Transporte de viaxeiros: aquel que está dedicado a realiza-los desprazamentos das persos e as súas equipaxes en vehículos construídos e acondicionados para tal fin.

c) Transporte regular: o que se efectúa dentro de itinerarios preestablecidos e con suxeición a calendarios e horarios prefixados.

d) Transporte regular de uso xeral: aquel que vai dirixido a satisfacer unha demanda xeral, sendo utilizable por calquera interesado.

e) Transporte regular de uso especial: aquel que está destinado a servir, regular e exclusivamente, a un grupo específico de usuarios, tales como escolares, traballadores, militares ou grupos homoxéneos similares.

f) Transporte discrecional: aquel que se leva a cabo sen suxeición a itinerario, calendario nin horario preestablecido.

g) Transporte permanente: o que se realiza de forma continuada, para atender necesidades de carácter estable.

h) Transporte temporal: o destinado a atender tráfico de carácter excepcional ou conxuntural e de duración temporalmente limitada, se ben pode darse neles unha repetición periódica, tales como os de feiras, mercados, vacacións ou outros similares.

i) Transporte urbano: aquel que discorre integramente por solo urbano ou urbanizable, definido de conformidade coa lexislación urbanística de Galicia, ou estea dedicado de forma exclusiva a comunicar entre si núcleos urbanos distintos dentro dun mesmo termo municipal.

j) Áreas territoriais de prestación conxunta: son aquelas zonas nas que existe interacción ou influencia recíproca entre os servizos de transporte.

Artigo 3. Fins e principios.

1. A coordinación dos servizos de transporte público de viaxeiros servirá para os seguintes fins:

a) Integración nunha soa rede dos seguintes servizos de transporte público: urbano, de titularidade municipal, e interurbano, de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou xestionado por delegación do Estado.

b) Satisfacción das necesidades da comunidade.

c) Establecemento dos instrumentos de conexión necesarios entre o planeamento sectorial de transportes e a ordenación territorial, así como, se é o caso, dos mecanismos para a fixación das infraestructuras de transporte.

2. A coordinación dos servizos de transporte público axustarase ós seguintes principios:

a) Eficacia na xestión co mínimo custo económico e social.

b) Autonomía dos concellos na xestión dos seus servizos de transporte.

c) Respecto ós dereitos dos concesionarios de liñas ou zonas de transporte público, de acordo coas determinacións de cada título concesional.

d) Protección dos intereses lexítimos dos titulares de autorizacións de transporte público discrecional.

Título I

Da coordinación de competencias ante o establecemento ou a ampliación de servizos urbanos ou interurbanos de transporte regular de viaxeiros

Capítulo I

Da coordinación ante o establecemento ou a ampliación de servizos urbanos colectivos

Sección 1.^a

Concellos de ata 50.000 habitantes

Artigo 4. Ampliación e establecemento de servizos municipais.

1. Nos concellos de ata 50.000 habitantes, a ampliación ou o establecemento de servizos de transporte colectivo urbano, cando afecten servizos interurbanos previamente establecidos, axustaranse ás seguintes regras:

a) Iniciado o expediente municipal para o establecemento ou a ampliación de servizos de transporte colectivo, cando este puidese

coincidir con servicios interurbanos xa implantados, e unha vez que o proxecto municipal estea suficientemente definido, o Concello remitirallo á Consellería competente por razón da materia. O proxecto municipal deberá detallar en todo caso:

— O itinerario do novo servicio.

— A localización das paradas en solo urbano e urbanizable ou núcleo rural, de acordo coas previsións da lexislación urbanística de Galicia.

— O número de expedicións do servicio proxectado.

— Os tráxicos dos servicios regulares permanentes de transporte interurbano que puidesen resultar afectados.

— Un estudio da oferta e demanda de viaxeiros no corredor no que se pretenda implantar, prolongar ou incrementalo servicio urbano.

b) Co envío do proxecto municipal suspenderase a tramitación do expediente de establecemento ou ampliación de servicios de transporte urbano, así como o prazo para a súa resolución.

c) A Dirección Xeral competente da Xunta de Galicia ordenará a iniciación dun expediente de ampliación de servicios de transporte público interurbano regular de viaxeiros co obxecto de que esta satisfaga as necesidades demandadas polo Concello.

d) Nun mesmo acto, a Dirección Xeral competente ordenará a práctica dos seguintes trámites: solicitude de informe ós demais concellos da mesma área, notificación da iniciación do expediente ós concesionarios de transporte interurbano na área de influencia do Concello que pretende o establecemento ou a ampliación dos seus servicios de transporte urbano, publicación da resolución pola que se ordena a iniciación do expediente no *Diario Oficial de Galicia* e exposición pública do proxecto municipal.

e) Nas notificacións e publicación determinaranse o lugar e o horario de exhibición ó público do proxecto municipal de ampliación de servicios. A exhibición prolongarase polo prazo de trinta días naturais. Durante este tempo poderanse formula-las alegacións oportunas.

f) Os concesionarios de servicios interurbanos coincidentes poderán acordar coa Dirección Xeral competente a asunción, como servicios de transporte interurbano, do proxecto de establecemento ou ampliación de servicios urbanos formulado polo Concello coas modificacións non substanciais a que houbese lugar, de acordo co estudio da oferta e demanda ó que se refire o apartado seguinte. O contido do convenio formará parte da resolución definitiva aprobatoria da ampliación de servicios interurbanos. Só por razóns sobrevidas, debidamente motiva-

das, poderá desatenderse o contido do convenio ou introducirse modificacións parciais, para un mellor servizo, que en ningún caso entrañen modificacións substanciais do proxecto municipal.

g) A resolución definitiva sobre a ampliación de servizos interurbanos corresponderalle á Consellería competente. Na resolución favorable á ampliación incluíranse necesariamente as propostas municipais sobre itinerarios en núcleo urbano e paradas urbanas, se ben o número de expedicións proposto polo Concello poderá ser corrixido pola Consellería, atendendo a un estudo previo de oferta e demanda reais de transporte. A resolución do conselleiro tamén incluírá necesariamente o contido do convenio previsto na letra f). A súa inclusión levará implícita a modificación ou novación das concesións nel incluídas. A falta de acordo, a Consellería competente decidirá tamén sobre a forma de xestión do servizo de transporte que se amplía.

h) Non obstante, cando a pesar do estudo previo da oferta e demanda reais do transporte o Concello manteña o número de expedicións do seu proxecto, a súa implantación quedará condicionada a que o Concello garanta o equilibrio económico das expedicións adicionais que se lle impoñan ó concesionario do servizo interurbano.

En ningún caso a Consellería aprobará expedicións que sexan incompatibles cos principios de organización e funcionamento do sistema de transportes que se postulan no artigo 1 desta lei.

i) Comunicada a resolución de ampliación do servizo interurbano, o Concello poñeralle fin ó expediente municipal de ampliación. Non acordada a ampliación do servizo interurbano, o Concello poderá proseguir-la tramitación do expediente de establecemento ou ampliación de servizos de transporte urbano.

2. Transcorridos seis meses desde a recepción do proxecto municipal na Consellería competente por razón da materia sen que recaese resolución dela, cesará a suspensión a que se refire o punto 1.b) deste artigo.

Sección 2.^a

Concellos de máis de 50.000 habitantes

Artigo 5. Plans de explotación.

1. O establecemento ou a ampliación de servizos urbanos, cando afecten servizos interurbanos previamente establecidos, en áreas de influencia de concellos de máis de 50.000 habitantes, coordinaranse a través dos plans de explotación regulados neste capítulo.

2. Cando existan razóns de interese público que así o aconsellen,

e por orde da Consellería competente, poderanse incluír outros concellos no réxime propio deste capítulo.

Artigo 6. Iniciativa municipal.

1. Os concellos, previamente ó establecemento ou á ampliación dos servizos urbanos de transporte público regular de uso xeral de viaxeiros, deberán redactar un plan de explotación de servizos de transporte público, en adiante plan de explotación.

2. As asociacións de transportistas e demais axentes do sector do transporte que solicitasen o establecemento ou a ampliación de servizos poderán redactar e propoñerlle ó Concello un plan de explotación. O Concello, unha vez admitido o plan de iniciativa particular, proseguirá a súa tramitación de acordo co disposto no artigo 11 desta lei.

3. O Concello redactor do plan de explotación poderá solicitar dos concellos da súa área de influencia a información necesaria relativa ó transporte público.

4. Da iniciativa municipal respecto da elaboración do plan de explotación deberásele dar conta, no prazo de dez días, á Dirección Xeral competente.

Artigo 7. Documentación do plan de explotación.

Ó plan de explotación deberásele achegar, en todo caso, a seguinte documentación:

a) Estudio da oferta e demanda do transporte público de viaxeiros, tanto regular coma discrecional, no termo municipal e a súa área de influencia co fin de xustificala insuficiencia do servizo existente para atender adecuadamente as necesidades dos usuarios.

b) Relación de concesionarios lineais ou zonais existentes de servizos regulares, así como de titulares de autorizacións de transporte regular de uso especial.

c) Estudos de infraestructuras, obras públicas ou privadas vinculadas á prestación dos servizos de transporte público previstas no plan de explotación.

d) Instrumentos de planeamento urbanístico do espazo sobre o que vai desenvolverse o servizo de transporte.

e) Memoria sobre o financiamento dos distintos servizos de transporte integrados no plan de explotación.

Artigo 8. Determinacións vinculantes na redacción do plan de explotación.

O órgano municipal competente axustará a redacción do plan de explotación ó disposto:

a) Na rede de transportes da Comunidade Autónoma.

b) Nos instrumentos de ordenación urbana e territorial.

c) Nos plans de infraestructuras.

d) Nas normas locais de ordeación do tráfico.

e) Nas normas estatais, autonómicas e locais sobre protección do medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio histórico-artístico.

Artigo 9. Contido do plan.

O plan de explotación deberá conter:

a) Novos itinerarios, calendarios, horarios e expedicións de transporte colectivo urbano ou, se é o caso, ampliación dos existentes.

b) Determinación dos percorridos coincidentes, total ou parcialmente, cos de concesionarios de transporte interurbano.

c) Medidas de coordinación dos servizos urbanos cos interurbanos coincidentes.

d) Se é o caso, medidas de compensación económica en favor dos concesionarios de transporte interurbano coincidente, de acordo co disposto no artigo 10. Entenderase por servizo coincidente aquel que, desenvolvéndose ou non sobre un mesmo itinerario, se destina a cubri-los mesmos tráfico.

e) Medidas de financiamento dos servizos coordinados.

f) Medidas de integración ou coordinación dos servizos urbanos e interurbanos.

g) Se é o caso, módulos obxectivos para a distribución dos ingresos

por tarifas entre os distintos suxeitos prestadores dos servizos de transporte.

h) Programa de execución do plan de explotación conforme os instrumentos de planeamento urbanístico aplicables.

i) Programa de inspección coordinada de servizos.

j) Infraestruturas necesarias para a coordinación de servizos, tales como intercambiadores de transporte ou aparcamentos disuasorios.

Artigo 10. Compensación ós concesionarios.

1. As medidas de compensación económica a que se refire a letra d) do artigo 9 poderán consistir, entre outras, nas seguintes:

— Participación en contratos de xestión interesada dos concesionarios de servizos interurbanos afectados polo establecemento ou a ampliación de servizos urbanos.

— Xestión dos novos servizos de transporte urbano, previstos no plan de explotación, mediante concerto co concesionario do servizo interurbano coincidente.

— Participación do concesionario interurbano en sociedade municipal para a xestión dos servizos de transporte público municipal.

— Integración de concesionarios interurbanos en cooperativas e

posteriormente adjudicación directa de concesións zonais programadas no plan de explotación.

— Preferencia do concesionario interurbano coincidente no outorgamento das concesións de servizo municipal incluídas no plan de explotación.

— Calquera outra que garanta o cumprimento dos fins e principios do artigo 3 desta lei.

2. As medidas de compensación poderán ser obxecto de convenio entre o Concello e os concesionarios de servizos interurbanos. O Concello incluírá o contido do convenio na redacción definitiva do plan, tendo efectos vinculantes para os signatarios.

3. Naqueles supostos nos cales non se acorde o establecemento das medidas de compensación reguladas no punto 1 deste artigo poderase proceder ó rescate da concesión interurbana, ou da parte dela afectada que sexa susceptible de segregación, por parte da Comunidade Autónoma, en beneficio e a cargo dos servizos municipais. Entenderase que é posible o rescate parcial cando este non afecte substancialmente o equilibrio económico do resto da concesión.

Artigo 11. Tramitación.

1. Cando o plan de explotación alcanzase o suficiente grao de detalle, o Concello acordará, nun só acto de impulso:

a) O anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, así como nun dos periódicos de maior circulación na provincia, da exposición ó público do proxecto do plan de explotación. A exposición pública prolongarase durante trinta días, no horario que se fixe no anuncio público.

b) A notificación da exposición pública do proxecto de plan, tanto ás asociacións de empresarios de transporte da provincia afectada coma ós titulares de concesións e autorizacións de transporte regular de uso especial incluídos no seu ámbito espacial.

c) A solicitude de informe a outros órganos ou organizacións xurídico-públicas que exerzan competencias concorrentes coas do transporte público. En todo caso, o Concello solicitará informe da Deputación ou deputacións provinciais afectadas, da Consellería ou consellerías competentes en materia de transportes, urbanismo, obras públicas e medio ambiente e máis do Consello Galego de Transportes.

O informe ó que se refire a presente letra será vinculante, agás o do Consello Galego de Transportes, e deberase emitir no prazo de dous meses, contado desde a recepción da solicitude, e transcorrido o cal sen a súa emisión entenderase que este é favorable.

2. Os informes dos órganos administrativos mencionados limitaranse ó ámbito competencial que

teñen atribuído e propoñerán con detalle as modificacións necesarias no plan, co fin de que este sexa compatible co exercicio das competencias que teñan atribuídas.

3. O Concello considerará a compatibilidade entre as propostas de modificación recibidas e a redacción orixinaria do plan de explotación. Se as propostas de modificación doutros órganos administrativos fosen incompatibles co texto do plan, o Concello iniciará a redacción dun novo plan, que necesariamente incluírá as propostas dos mencionados informes. Cando a desconformidade entre os informes doutros órganos administrativos e o texto inicial do plan non sexa esencial, o Concello modificará directamente o plan de explotación no que sexa necesario.

4. Aprobado inicialmente o plan de explotación polo Pleno do Concello, elevaráselle á Consellería competente por razón da materia, para a súa aprobación definitiva.

Artigo 12. Aprobación definitiva.

1. A Consellería competente só poderá denega-la aprobación definitiva do plan de explotación nos seguintes casos:

a) Defectos na tramitación do plan. Cando os defectos sexan reparables, a Consellería competente devolveralle o plan ó Concello, detallando os trámites que deben ser cumpridos. Se concorre xunto a un defecto reparable

de procedemento algunha outra causa de desaprobación mencionada neste artigo, a Consellería ordenará a devolución do plan ó Concello para nova redacción. Se só concorren defectos reparables de tramitación, a Consellería competente, unha vez reparados os defectos polo Concello, aprobará preceptivamente o plan, a non ser que, como consecuencia directa da reparación de trámite, resulte que o plan presenta outra causa de desaprobación. Cando os defectos de tramitación non fosen reparables, a Consellería competente denegará a aprobación do plan.

b) Incompatibilidade do plan de explotación cos plans ou as normas a que se refire o artigo 8, ou cos informes vinculantes enumerados no artigo 11.1, letra c).

c) Vulneración do equilibrio financeiro das concesións de servizos interurbanos incluídas no plan de explotación ou sacrificio desproporcionado do interese económico dos titulares de autorizacións de transporte regular de uso especial, no ámbito espacial coordinado polo plan de explotación.

2. Os proxectos municipais de infraestruturas de transporte incluídas no plan de explotación só vincularán a Consellería competente, nos termos do artigo anterior, en canto á súa localización. A vinculación da Consellería competente comprenderá tamén o proxecto concreto de infraestruturas

cando no propio plan de explotación se prevexa o financiamento municipal das obras. Aprobado o plan de explotación, os plans xerais e demais instrumentos xerais de ordenación urbanística deberán cualifica-lo espacio ocupado polas obras de infraestrutura como sistema xeral de transportes e non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias da Xunta sobre ordenación dos transportes interurbanos e coordinación cos transportes urbanos.

Artigo 13. Actos de execución.

Aprobado o plan de explotación, cada Administración dictará as resolucións necesarias para a súa execución, no ámbito da súa competencia, sen prexuízo do establecido no artigo 14.2 desta lei.

Artigo 14. Eficacia concentrada.

1. Cando o plan de explotación inclúe un convenio entre Concello e concesionarios, segundo o previsto no artigo 10.2 desta lei, a resolución favorable da Consellería competente levará implícita a modificación ou novación das concesións de servicios interurbanos incluídas no convenio.

2. As obras de infraestructuras incluídas no plan de explotación teñen o carácter de obras públicas de interese xeral. A súa execución non estará sometida á previa autorización da Xunta ou licencia municipi-

pal, sempre que o proxecto de obras quede suficientemente definido no plan de explotación aprobado.

Artigo 15. Silencio administrativo.

1. A Consellería resolverá sobre a aprobación do plan de explotación no prazo de sete meses desde a entrada deste no Rexistro da Consellería. Transcorrido este prazo, o Concello poderá inicia-lo procedemento para o establecemento ou a ampliación de servicios urbanos de transporte colectivo, sen necesidade de segui-lo procedemento establecido no artigo 6 da presente lei.

2. A resolución favorable ou desfavorable, unha vez transcorrido o prazo do punto anterior e iniciado o procedemento municipal de creación ou ampliación do servicio, suspenderá este, pero serán a cargo da Consellería tódolos gastos orixinados ó Concello ou concesionarios como consecuencia do procedemento iniciado.

A aprobación ou denegación tardía da Consellería non paralizará o procedemento de outorgamento de concesións de transporte, unha vez publicada a convocatoria.

Artigo 16. Medidas provisionais.

1. Encontrándose en elaboración o plan de explotación, a Consellería competente por razón da materia poderá adoptar, logo de

audiencia polo prazo de cinco días ós concellos e ós concesionarios afectados, as medidas provisionais necesarias para o cumprimento dos fins do artigo 3 desta lei.

2. As medidas provisionais poderán consistir na ampliación das concesións de servicios interurbanos. A dita ampliación estará condicionada resolutoriamente á aprobación do plan de explotación.

Capítulo II

Iniciativa da Xunta

Artigo 17. Modificación de servicios interurbanos.

1. A Consellería competente por razón da materia, logo do trámite de audiencia ó Concello, poderá acorda-la modificación das condicións de prestación dos servicios de transporte interurbano para atender-las necesidades de desprazamento entre núcleos de poboación dun mesmo termo municipal, sempre que estes non estivesen atendidos polos servicios urbanos prestados polo Concello, todo isto de conformidade cos principios e fins do artigo 3 da presente lei.

2. De acordo co establecido no número anterior, e iniciado o expediente de modificación de servicios interurbanos, os concellos ou as mancomunidades destes ós que se refire o servicio proxectado non poderán iniciar expedientes de

ampliación ou establecemento de servicios urbanos colectivos para atender-los mesmos tráxicos durante o prazo de sete meses establecido no punto 5 deste artigo, salvo que no trámite de audiencia establecido no punto anterior o Concello non acorde facerse cargo do servicio.

3. Unha vez que o proxecto de servicio interurbano estea suficientemente definido, o director xeral competente acordará, nun só acto de impulso:

a) Solicitar informe dos concellos a que se refira o novo servicio interurbano. No informe dos concellos conteranse un mínimo de tres propostas alternativas de itinerarios e paradas no tramo de penetración do servicio interurbano sobre solo urbano e urbanizable. As propostas municipais redactaranse de acordo cos fins e principios do artigo 3 desta lei. Transcorridos tres meses sen que se formulasen as ditas propostas, continuarase a tramitación do expediente.

b) Solicitar informe, en todo caso, da Deputación ou deputacións provinciais afectadas, da Dirección Xeral de Urbanismo e Calidade Medioambiental, da Dirección Xeral de Obras Públicas e do Consello Galego de Transportes, que deberá ser emitido no prazo de dous meses.

c) Publica-lo proxecto de modificación de servicios de transporte no *Diario Oficial de Galicia*, así

como nun dos periódicos de maior circulación na provincia. A partir da publicación abrirase un prazo de trinta días naturais de exposición pública e alegacións ó proxecto da Xunta.

d) Notifícarlle-lo proxecto de modificación de servicios tanto ás federacións e asociacións de empresarios do transporte coma ós titulares de concesións de transporte interurbano ou urbano da mesma área que o servicio proxectado, así como ós titulares de autorizacións de transporte regular de uso especial.

4. A resolución favorable do conselleiro competente á modificación do servicio incluirá, en todo caso, itinerario e paradas no solo urbano e urbanizable e de núcleos rurais regulados na lexislación do solo de Galicia, de acordo cunha das tres propostas detalladas nos distintos informes municipais, sempre que estas se formulasen no prazo previsto no apartado 3.a) deste artigo, así como medidas de garantía do equilibrio económico dos servicios concesionais directamente afectados e do contido patrimonial das autorizacións de transporte regular de uso especial.

5. Transcorridos sete meses desde a data de iniciación do expediente de modificación de servicios interurbanos sen que recaese resolución expresa, o Concello poderá proceder á iniciación de expedientes de establecemento ou

ampliación de servicios municipais para atende-los mesmos tráxicos. Para os efectos deste prazo non se computará o tempo que utilice o Concello na emisión das propostas ás que se refire o punto 3.a) deste artigo.

Artigo 18. Mellora da penetración urbana.

A Consellería competente poderá acorda-la mellora da penetración dos servicios interurbanos en solo urbano ou urbanizable, de acordo co seguinte procedemento:

a) O director xeral competente requirirá do Concello unha proposta de mellora da penetración do servicio interurbano, con polo menos tres solucións alternativas. Emitida a proposta municipal, e sempre que esta sexa adecuada ós fins do artigo 3 desta lei, o director xeral competente propoñerlle ó conselleiro a modificación das concesións interurbanas de acordo cunha das tres solucións de mellora de penetración propostas polo Concello.

b) Transcorridos tres meses desde o requirimento da Dirección Xeral competente sen que se emita a proposta municipal, esta poderalle propoñer ó Concello un proxecto de mellora da penetración urbana, con polo menos tres posibilidades alternativas, todas elas redactadas conforme os fins e principios do artigo 3 desta lei. O Concello poderá optar por calquera das tres posibilidades alternativas. Realizada a elección, a

Consellería competente poderá acorda-la modificación das concesións interurbanas, de acordo coa opción escollida polo Concello.

c) Transcorridos vinte días desde a data de rexistro municipal da proposta da Consellería competente sen que o Concello se pronunciase por algunha das alternativas, esta poderá acorda-la mellora da penetración urbana dos servizos interurbanos de acordo con calquera das solucións alternativas previamente sometidas á elección do Concello.

Título II

Da coordinación dos servizos de transporte discrecional en autotaxi

Capítulo único

Disposicións xerais

Artigo 19. Autorizacións interurbanas.

1. Cando a demanda de transporte interurbano desde puntos ou infraestructuras tales como hospitais, estacións, portos, aeroportos, feiras ou mercados non estea suficientemente cuberta coas licencias de autotaxi do concello onde se localizan os focos de xeración do transporte, o axuste da oferta á demanda rexerese polas seguintes regras:

a) Constatada nun concello a insuficiente oferta de transporte interurbano en autotaxi, a Consellería competente requirirá o Concello para que incremente o número de licencias municipais de autotaxi. A constatación a que se refire este parágrafo resultará de expediente administrativo iniciado de oficio e instruído pola Dirección Xeral competente, con informe do Concello afectado e audiencia das asociacións locais de autotaxi. A Consellería comunicarlle ó Concello o número preciso de licencias que serían necesarias para atende-la insuficiente oferta de transporte interurbano en autotaxi que resulte do expediente.

b) Transcorridos tres meses desde o requirimento da Consellería competente, ou rexeitado expresamente este polo Concello, a Consellería poderá acorda-lo outorgamento de autorizacións de transporte interurbano en autotaxi, con inicio do servizo nos puntos de xeración de transporte.

c) As autorizacións de transporte interurbano en autotaxi, a que se refire a letra anterior, outorgaranse baixo condición resolutoria supeeditada a que se produza un reequilibrio entre a oferta e a demanda de transporte desde os puntos e as infraestructuras a que fai referencia este número. A constatación da adecuación entre oferta e demanda resultará de expediente administrativo, non antes de transcorridos dous anos desde a resolu-

ción do expediente regulado na letra a) deste número. As mesmas autorizacións de transporte interurbano poderanse outorgar sometidas a reserva de revogación.

2. Nos supostos en que os servizos se orixinen nalgún dos centros a que se refire o número anterior, e sempre que se encontren situados en máis de un termo municipal, a regulación do servizo de autotaxis, no que afecta exclusivamente a este suposto, corresponderalle á Dirección Xeral competente, aplicándose en todo caso o réxime tarifario dos servizos interurbanos.

Artigo 20. Servizos interurbanos excepcionais.

1. Excepcionalmente, os titulares de autorizacións interurbanas de autotaxi poderán iniciar un servizo de transporte en concello distinto do propio cando concorran as seguintes circunstancias: que o contrato para a prestación do servizo teña lugar no concello que outorgou a licenza e que o servizo de transporte teña destino final no concello que outorgou a licenza.

2. Entenderase por lugar do contrato aquel onde o transportista reciba a oferta.

3. O contrato de transporte convirase co usuario do servizo ou co mandatario verbal deste.

4. A escritura é requisito de forma esencial do contrato. A Consellería competente aprobará o modelo oficial do contrato, onde

constarán necesariamente as partes contratantes, precisando se o usuario contrata en nome propio ou por medio de mandatario; o lugar, data e hora da contratación; a hora previsible para o inicio do servizo contratado; e os puntos de inicio e destino do servizo.

5. Cando o contrato se formalice por mandatario verbal, o usuario deixará constancia escrita da existencia do mandato antes do inicio do servizo de transporte.

6. O contrato de transporte, que deberá levarse en lugar visible do vehículo durante o servizo, estará á disposición da Inspección de Transportes en calquera momento da prestación do citado servizo.

7. Terminado o servizo, o titular da licenza de autotaxi remitiralle copia do contrato ó Servizo Provincial de Transportes competente.

8. A recollida de viaxeiros fóra do ámbito espacial da licenza de autotaxi, con incumprimento do disposto neste artigo, constituirá infracción administrativa moi grave, que será sancionada de acordo coa lexislación vixente en materia de transportes. Cando a denuncia de infracción por particulares estea acompañada de solicitude de iniciación de expediente sancionador deberáselle comunicar ó denunciante a iniciación ou non do procedemento. Da imposición da sanción daráselle conta ó Concello que outorgou a licenza. En todo o non previsto neste

artigo, a imposición da sanción rexeráse polos principios e as regras do procedemento administrativo sancionador establecido na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e no seu regulamento de execución aprobado polo Real decreto 1211/1990, así como no establecido no título IX da Lei estatal común 30/1992, do 26 de novembro.

9. A acumulación de tres ou máis infraccións no período de doce meses determinará a caducidade da autorización de transporte interurbano, sempre que as sancións sexan definitivas en vía administrativa, e logo de declaración expresa da Dirección Xeral competente. No procedemento de declaración de caducidade da autorización de transporte interurbano respectaranse, en todo caso, as garantías procedementais do titular da autorización de transporte interurbano previstas no título VI da Lei estatal común 30/1992, do 26 de novembro.

10. A Dirección Xeral competente, para garantir a harmónica coordinación dos servicios de autotaxis, poderá establecer limitacións á posibilidade da contratación previa para iniciar-lo servicio fóra do termo municipal onde estea localizada a tarxeta do vehículo.

As devanditas limitacións determinaranse con carácter xeral, para toda Galicia, logo de informe da

Sección de Transporte Público de Viaxeiros en vehículos de menos de 9 prazas, incluído o conductor, do Comité Galego de Transportes.

Artigo 21. Unificación de tarifas.

1. Toda resolución ou convenio para a creación dunha área territorial de prestación conxunta incluírá necesariamente a unificación de tarifas para os servicios que se inicien nos puntos de xeración de transporte a que se refire o artigo 19 desta lei.

2. Os órganos que, con anterioridade á aprobación desta lei, estableceron ou conviñeron a creación dunha área territorial de prestación conxunta unificarán as tarifas a que se refire o punto 1 no prazo de tres meses desde a publicación da presente lei. Transcorrido este prazo, e mentres non teña lugar a decisión ou o convenio de unificación tarifaria, entenderase por tarifa unificada a máis baixa de entre as existentes para cada clase de servicio nos distintos concellos da mesma área.

Artigo 22. Servicio nocturno.

1. Correspóndelle a cada Concello asegurar-la prestación de servicios de transporte nocturno interurbano en autotaxi.

2. Constatada a insuficiencia de servicios nocturnos interurbanos nun determinado concello, a Consellería competente, mediante o correspondente expediente administrativo, requirirá o Concello

para o cumprimento da obriga enunciada no punto 1.

3. Transcorridos tres meses desde a recepción do requirimento, a Consellería competente poderá acordar que os servicios nocturnos sexan prestados polos autotaxis dos concellos limítrofes ou máis próximos, cando os primeiros non permitisen garantir a súa prestación. Estas autorizacións poderanse outorgar baixo condición resolutoria ou sometidas a reserva de revogación.

Disposición adicional

O disposto no título I da presente lei, no referente ó establecemento ou á ampliación de servicios urbanos colectivos, seralles aplicable ademais de ós concellos a calquera entidade local, con competencias en materia de transportes, constituída con anterioridade ou posterioridade á aproba-

ción desta lei.

Disposición transitoria

O disposto na presente lei seralles inmediatamente aplicable a tódolos procedementos de ampliación ou establecemento de servicios urbanos que se encontren en tramitación á entrada en vigor da presente lei.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o Consello da Xunta para que dicte cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo 1996

Manuel Fraga Iribarne
Presidente